

6

Obxectivos desta unidade

Identificar persoas e describir os seus trazos físicos e de carácter

Dar e pedir información sobre estudos ou profesión

Informar sobre as nosas habilidades e valoralas

Describir unha persoa utilizando o presente

Es quen de facelo?

Coñecemento do código

Perífrase **ESTAR + XERUNDIO**

A familia e as profesións

Os posesivos, o demostrativo **AQUEL/A** e os indefinidos **ALGUÉN/NINGUÉN**

O pretérito de **SER**

O interrogativo **QUEN**

As consoantes: **b, v**



ACTIVIDADE INTRODUTORIA

1. OFERTAS DE TRABALLO

PAZAS en aeroportos: con graduado escolar para postos de atención a pasaxeiros, administrativos e bombeiros. Para persoas con estudos universitarios ou licenciados, hai varios postos de controladores/as aéreos/as, pilotos e auxiliares de voo. Prazas fixas con soldos dende 1.400 euros. Infórmate gratis **986 678 490**.

CONCELLOS da túa localidade necesitan persoal de mantemento, limpadores/as, cocifeiros/as, xardineiros/as, albaneis, condutores/as etc. Prepárate e traballa de funcionario. Información e chamada gratuita 981 216 543.

BUSCO profesor/a de matemáticas para clases particulares da ESO. Horario de fin de semana.

TRABALLAS ou buscas traballo de comercial? Pois emprega o teu tempo con nós (media xornada ou xornada completa). Empresa con produto exclusivo no ámbito mundial. Seleccionamos persoas que falen varios idiomas e dispostas a viaxar. Bo soldo e vacacións abundas.

COIDADORES/AS, animadores/as de tempo libre e pedagogos/as. Se es responsable e tes experiencia coidando nenos, ven ao noso colexio, gardaría e ludoteca. Búscanse persoas con bos coñecementos de galego. Xunta de Galicia 981 927 375.

SOLICITO xente dinámica, traballadora, emprendedora e con coñecementos de informática. Traballa dende a casa ou a oficina. Horario flexible. Altos ingresos. 606 985 687.

PRECISAMOS camareiro/a, cocifeiro/a e axudante de cociña. Con título de manipulador/a de alimentos, boa presenza e trato agradable cos clientes. Interesados presentarse no Restaurante Tenreira, avda. de Lugo, nº 2.

PRECISO modelos masculinos para espidos artísticos en clases de pintura. Musculosos e con corpo atlético. Mellor altos, de pelo castaño curto e sen barba. Abstéñanse tímidos, impacientes e nerviosos. Ben remunerado. Contacto 669 874 590.

MODELOS para anuncio de televisión. Mulleres altas, morenas e de mediana idade. Homes maiores de pelo branco, preferiblemente con boa presenza e gordiños. Tamén nenos entre 5 e 10 anos, de ollos claros e louros. Chamar ao 982 985 683.

BUSCO intercambio italiano-galego. Horario de mañá. Son unha persoa moi faladora e aberta, divertida e con bastantes coñecementos sobre cine e música. Só persoas entre 20 e 35 anos.

Enderezo electrónico: xgcarreira@gmail.com

A. Subliña nos anuncios anteriores as características físicas e psíquicas e as profesións. Xa as tes todas? Pois entón clasifica o vocabulario neste cadro:

Trazos dunha persoa	Profesións
FÍSICOS: alto/a	Profesor/a
PSÍQUICOS: impaciente	

B. Agora, coa axuda da túa profesora ou profesor, intenta dar unha característica positiva e outra negativa de cada profesión. Dámosche uns modelos:

- O bo de ser profesor/a son as vacacións.
- O malo de ser profesor/a é corrixir exames.
- O mellor de ser bombeiro/a é salvar vidas.
- O peor de ser bombeiro é arriscar a túa vida.



2. Pensa que es o asesor laboral do Servizo Galego de Colocación e que lles estás facendo entrevistas a persoas que demandan emprego. Escoita as 4 entrevistas e elíxelles o emprego máis axeitado entre as ofertas que vimos antes.



Nome: Antón Couceiro
Idade: 25 anos
É galego e vive en Bertamiráns, A Coruña.



Nome: Iria Martín
Idade: 45 anos
É galega e vive en Lugo.



Nome: Susan Paterson
Idade: 36 anos
É estadounidense e vive en Vigo.



Nome: Dolors Font
Idade: 29 anos
É catalá e vive en Pontevedra.

GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS



3. A. Escoita as audicións e sinala cunha cruz as características que aparecen nelas.

1



- ☐ É baixo.
- ☐ É gordo.
- ☐ Ten a pel rubia.
- ☐ Ten barba e bigote.

4



- ☐ Ten a pel branca.
- ☐ Ten o pelo negro.
- ☐ É alta.
- ☐ É guapa.

2



- ☐ Pel morena.
- ☐ É guapo.
- ☐ É forte.
- ☐ Ten o pelo louro.

5



- ☐ É delgado.
- ☐ Ten o pelo rubio.
- ☐ É extravagante.
- ☐ Ten os ollos claros.

3



- ☐ Non é guapo.
- ☐ É gordo.
- ☐ É calvo.
- ☐ É alto.

6



- ☐ É pequena.
- ☐ Ten o pelo roxo.
- ☐ Ten pencas.
- ☐ É débil.

B. Agora intenta completar este cadro das características do aspecto físico:

	Masculino singular	Feminino singular	Masculino plural	Feminino plural
	alto			
	baixo			
	gordo			
	delgado			
	forte			
	débil			
	moreno			
	rubio			
	roxo			
	louro			
	guapo			
	feo			

4. A. Esta é a conversa que teñen Berta e Rocío nun foro. Rocío vai pasar dous meses na cidade e está interesada no cuarto que aluga Berta.

SER quen de + infinitivo	SER bo/a
SER capaz de + infinitivo	Non SER capaz de + infinitivo
DAR + participio	Non SER quen de + infinitivo
DARSE ben	Non DAR + participio
	DARSE mal
	SER malo/a

Berta23: E para canto tempo precisas o cuarto?

RociGa: Para dous meses, xullo e agosto.

Berta23: Perfecto. E cociñas ou comes fóra?

RociGa: Dáseme ben a cociña, pero non sempre teño tempo para cociñar.

Berta23: Que ben! Pois eu non dou feito nin unha ensalada!

RociGa: Que esaxerada! Seguro que es quen de facer algunha cousiña!


Berta23: Home, son capaz de cocer uns espaguetes sen me queimar!
E tamén din que son boa cos cócteles...

RociGa: Ui... que perigo! Co que me gusta a min probar cousas novas...

B. Coa axuda do cadro anterior, localiza no diálogo as formas de expresar capacidade ou incapacidade para facer unha cousa.



C. Agora escribe 5 frases expresando as túas capacidades ou habilidades. Despois coméntaas co teu compañeiro ou compañeira.



5. Imos repartir os premios MÁIS entre a clase, pero para iso antes temos que escoller os gañadores e gañadoras. Os premios son:

O máis ... da clase é... / O menos ... da clase é...



Calidades positivas +

O máis **deportista**
 O/A máis **presumido/a**
 O/A máis **extravertido/a**
 O máis **responsable**
 O/A máis **organizado/a**
 O máis **puntual**
 O/A máis **tranquilo/a**
 O/A máis **simpático/a**
 O/A máis **xeneroso/a**
 O/A máis **divertido/a**



Calidades negativas -

O/A máis **preguiceiro/a**
 O/A máis **descoidado/a**
 O/A máis **tímido/a**
 O máis **irresponsable**
 O/A máis **desorganizado/a**
 O máis **impuntual**
 O/A máis **nervioso/a**
 O/A máis **antipático/a**
 O máis **egoísta**
 O/A máis **aburrido/a**



Primeiro poñédevos por parellas e distribuíde as calidades. Cada parella terá unha soa. Para elixir o premiado da vosa calidade, tedes que elaborar un breve cuestionario. Podedes seguir o modelo:

O MÁIS POLÍGLOTA:

1. **Alguén** sabe falar máis de dous idiomas?

—Si, eu falo 4 idiomas: inglés moi ben, case perfectamente italiano, algo de catalán e agora tamén un pouco de galego.

2. **Ninguén** está estudando varias linguas?

—Si, ademais de galego, vou a clases de xaponés na escola de idiomas.

3. **Quen pode** aprender un idioma en menos dun ano?

—Eu non podo, de ningunha maneira!

—Eu (si que) podo, sen problema.

O MÁIS.....:

1. Alguén.....?

—.....

2. -Ninguén.....?

—.....

3. Quen.....?

—.....

—.....



XENIAL
 MOI BEN
 BASTANTE BEN
 BEN
 REGULAR
 MAL
 MOI MAL
 FATAL

Non vos preocupedes se quedan premios desertos!

6. A FAMILIA DE FERNANDO

A. Pere é catalán. Este curso estudou galego e agora vai de intercambio a Galicia. O rapaz galego co que vai vivir durante un mes, Fernando, envioulle un correo en que lle presenta a súa familia.

Fernando a usuario

Máis opcións 12-se (2 días antes)

Ola Pere, que tal todo?

Por aquí ben. A miña familia e mais eu xa estamos a preparar o teu cuarto e eu estou organizando unha festa de benvinda, só falta un mes para a túa chegada!

Neste correo electrónico vouche presentar a miña familia. Eu vivo cos meus pais, Carme e Tucho; coa miña irmá Silvia e cos meus avós, Xosé e Olga. Silvia ten dous anos máis ca min, é alta, morena... todo o mundo di que é moi guapa. Teño outro irmán, Xurxo, pero xa non vive con nós. Está casado e ten tres fillos: Sara e Alba son xemelgas, son igual ca a súa nai (Helena), de pelo castaño claro e con moitos lunares. Agora empezan a falar e a min encántame estar con elas. O meu sobriño maior chámase Tito, ten seis anos e seméllase moito a min. Somos de pel moi morena e de ollos verdes e grandes.

A miña nai non ten irmáns e o meu pai ten un, chámase Camilo e vive con Carme, a súa parella. Teñen un fillo, David, que é da nosa idade. É o batería dun grupo de rock e adora as tatuaxes. Lévome xenial co meu curmán, son o seu fan número un! Pero aos nosos avós, Marga e Antón, non lles gusta nada a súa música, din que iso é un ruído insoportable!

Ben Pere, seguramente os coñezas a todos no aeroporto. Son moi festeiros e están planeando irte esperar.

Unha aperta e saúdos dende Galicia,

Fernando.

Foto.JPG
599K [Visualizar como HTML](#) [Descargar](#)

[Responder](#) [Reenviar](#) [Invitar a](#)

B. Cando chega Pere ao aeroporto atopa unha morea de familias que esperan os mozos e mozas do intercambio. Despois de ler o correo, sabes identificar cal é a súa familia?






C. No texto hai unha serie de formas verbais que sinalan accións que se están desenvolvendo, márcasas.

ESTAR + XERUNDIO ou ESTAR A + INFINITIVO
Indica que a acción está en desenvolvemento.

D. Pensa en catro persoas que coñezas ben e di o que imaxinas que están a facer agora mesmo.


A miña irmá está vendo a tele.

O meu veciño está a pasear a súa cadela.



E. Es capaz de completar a árbore xenealóxica da familia de acollida de Pere? Ao lado do nome de cada un dos membros debes indicar a relación que teñen con Fernando.

paí nai / fillo filla / avó avoa / bisavó bisavoa
irmán irmá / curmán curmá / cuñado cuñada
sobriño sobriña / xenro nora / sogro sogra
padriño madriña



F. Fíxate no correo de Fernando e intenta completar o cadro dos posesivos.

0 posesivo	masculino singular	feminino singular	masculino plural	feminino plural
1 posuidor				miñas
	teu	túa	teus	túas
	seu		seus	súas
varios posuidores	noso	nosa	nosos	
	voso	vosa	vosos	vosas
	seu	súa	seus	súas

En galego, como norma xeral, o POSESIVO vai acompañado do artigo determinado.

A fin de semana pasada, os meus pais visitaron a praia das Catedrais.

Aquel de alí é o teu coche?

G. Botando man do léxico do parentesco e mais dos posesivos que viches nos exercicios anteriores, fai a descrición da túa familia e debuxa a árbore xenealóxica.

7. IMOS DE FESTA!



Acabas de chegar á festa de aniversario de Antía. Como non coñeces a ninguén, ela mesma che explica quen son os outros convidados. Es capaz de identificar de quen fala? Escribe enriba de cada invitado ou invitada o seu nome.



Para usar as diferentes formas do demostrativo, temos que ter en conta a distancia da persoa ou obxecto ao que facemos referencia. No diálogo anterior puidiches escoitar unha forma nova. Escoita de novo o diálogo e completa o cadro.

	proximidade	número	masculino	feminino	neutro
● I (AQUÍ)		singular	este	esta	isto
		plural	estes	estas	
● II (AÍ)		singular	ese	esa	iso
		plural	eses	esas	
III (ALÍ)		singular			aquilo
		plural			

—Que é **iso** que levas na man?

—**Isto**, é o cargador do móbil.

—**Aquilo** que me preguntabas onte, xa sabes como é?

—O que? O das entradas? Si, hai que mercalas con dous días de antelación.

Cando nos referimos a algo descoñecido ou indeterminado, usamos as formas neutras.



FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

8. As palabras que aparecen a continuación só se diferencian pola escrita, b ou v. Saberías unir cada unha coa definición ou relación correspondente?

rabó	aparece no pan podre
ravo	uva
valor	colócase no teito do coche
balor	que non lle gusta traballar
bago	fotos
vago	unha pelota
baca	aparece nos camiños cando chove
vaca	protestar
rebelar	animal
revelar	acto de varrer, limpar o chan
barro	exercer o dereito ao voto
varro	valentía
botar	dun animal
votar	tubérculo



GALEGO EN ACCIÓN

9. IMOS BUSCAR TRABALLO

A. Aquí tes un modelo de currículo para inscribirte no Servizo Galego de Colocación. Cópioo nun folio solto e complétalo de novo enchendo todos os ocos (podes inventar os datos).

Nome: Adela Martíns Couselo

Formación académica
Educación secundaria obrigatoria
Ciclo superior de carpintaría

Formación complementaria
Curso de contabilidade
Obradoiro de talla de madeira

Informática
Windows, nivel usuario
Internet, nivel avanzado

Idiomas
Galego, Celga 4
Español, DELE superior
Inglés, ciclo medio da Escola Oficial de Idiomas

Datos de interese

Experiencia
Prácticas na Carpintaría Buxaina
Contrato por un ano no almacén de Madeiras Afonso

Outros
Dispoñibilidade para desprazarme
Vehículo propio
Incorporación inmediata



CONTIDO SOCIOCULTURAL

9. A. Que sabes do sistema político galego?

Galicia forma parte de...?

- ☐ unha ditadura.
☐ unha monarquía parlamentaria.
☐ unha república.

Que é Galicia?


- ☐ un cantón.
☐ unha provincia.
☐ unha comunidade autónoma.

O noso Estatuto de autonomía di que as linguas cooficiais en Galicia son...

- ☐ galego, vasco e catalán.
☐ galego e portugués.
☐ galego e castelán.

O Goberno autonómico galego chámase...

- ☐ Xefatura de Galicia.
☐ Xunta de Galicia.
☐ Consellería Galega.



B. Un dos fenómenos que máis repercutiu na historia e na sociedade galega represéntase nesta viñeta de Xaquín Marín, sabes a que se refire? Coméntao cos teus compañeiros.

C. O pai de Migueliño. Le este pequeno conto que trata do mesmo tema ca a viñeta anterior:

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai, pero antes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os “americanos” xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirao do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos buscaban entre a xente, á procura do pai fantasiado.

De súpeto, viuno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e, canto máis se achegaba o “americano”, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai! O “americano” pasou para adiante sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxado e o corazón dáballo que aquel era o seu pai...

(Adaptado de *Cousas*, Castelao 1926)

Responde agora estas preguntas:

—Quen son os “americanos”?

.....

—Como imaxina Migueliño o seu pai?

.....

—Imaxina ti como remata a historia do reencontro de Migueliño.

.....

.....

.....



Coa axuda do profesor ou profesora, comparade os vosos finais da historia co final que escribiu Castelao.

CADERNO DE BITÁCORA

QUE APRENDÍN | QUE TEÑO QUE REPASAR | QUE SEI FACER EN GALEGO NAS CATRO HABILIDADES

Comprender

Falar

Ler

Escribir

Que aprendín:

[illegible]

Que teño que repasar:

[illegible]

Que sei facer en galego nas catro habilidades:

Comprender:

[illegible]

Falar:

[illegible]

Ler:

[illegible]

Escribir:

[illegible]